

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA E A FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL**

En Santiago de Compostela a 19 de maio de 2016

**REUNIDOS:**

**Dunha parte:**

**D. Martiño Noriega Sánchez**, Alcalde do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación do Concello de Santiago de Compostela, con domicilio a estes efectos no Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro de Santiago de Compostela e CIF 1507900-G

**E doutra**

**D. José Blanco Fondevila**, patrón e membro da Comisión Executiva da Fundación Eugenio Granell, que actúa en nome e representación da Fundación Eugenio Granell, con domicilio social no Pazo de Bendaña, Praza do Toural, s/n 15705 Santiago de Compostela, con CIF: G-15520422.

**EXPOÑEN:**

**Primeiro**

1.- A Fundación Eugenio Granell constitúese con carácter privado e permanente con consideración de Fundación de interese galego cuxos fins estatutarios son:

- a) O fomento de estudo e difusión do conxunto da obra de creación de Eugenio F. Granell.
- b) O fomento da investigación o estudo e difusión de todas as manifestacións artísticas do movemento surrealista e outras correntes afíns.
- c) O fomento, a investigación e o estudo de manifestacións artísticas étnicas.
- d) Tamén poderá promover e participar no fomento e difusión da calquera outra manifestación cultural.

2.- Que desde o ano de constitución da Fundación Eugenio Granell, e por acordo do Pleno do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, dita administración forma parte do Padroado da Fundación Eugenio Granell como patrón institucional.

3.- Que a Fundación vén organizando diferentes exposicións e actividades culturais, así como a participación en actividades programadas na cidade de Santiago de Compostela.

**Segundo**

1.- O Concello de Santiago de Compostela vén promocionando e colaborando desde os seus inicios no patrocinio das actividades e exposicións programadas pola Fundación Eugenio Granell.

2.- O Concello de Santiago valora a importante actividade cultural que vén desenvolvendo a Fundación Eugenio Granell na cidade de Santiago e polo mesmo vén mantendo nos derradeiros exercicios orzamentarios unha contribución nominativa como axuda para o cofinanciamento das actividades desenvolvidas pola citada institución.

3.- Que é a vontade do Concello a continuación da colaboración municipal nos termos establecidos nos acordos Plenarios adoptados ao efecto (e, en concreto, no acordo de data 29 de marzo de 2007) e, por iso, durante o presente exercicio as condicións de colaboración coa Fundación Eugenio Granell concréntanse no presente convenio, de conformidade coas seguintes

## **CLAUSULAS:**

### **Primeira-Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto, establecer os termos da colaboración entre as partes asinantes para o cofinanciamento dos gastos de funcionamento e mantemento da Fundación Eugenio Granell, entendendo por tales gastos tanto os derivados das diferentes actividades culturais e exposicións programadas pola Fundación dentro do período obxecto do Convenio, como os necesarios para o normal funcionamento e mantemento da entidade, sempre que estes sexan destinados aos fins de carácter xeral previstos nos estatutos da Fundación.

A Fundación Eugenio Granell comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto establecido nos estatutos da Fundación e no orzamento anual.

### **Segunda.- Contía da axuda**

A contía que o Concello de Santiago achegará en concepto de transferencia nominativa con cargo a este convenio, que será de carácter anual, terá efectos dende o 1 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2016, será de CENTO TRINTA MIL EUROS (130.000,00 €).

Esta achega será compatible coas doutras entidade públicas e/ou privadas e coas complementarias que o Concello no seu día poida establecer.

### **Terceira.- Xustificación e forma de pagamento.**

Corresponde á Fundación Eugenio Granell a xustificación dos fondos percibidos, que se realizará mediante a presentación da certificación na que se acredite a aplicación das cantidades percibida aos fins previstos no convenio no marco do orzamento anual da Fundación, para o cal achegará un estado de execución do mesmo. Así mesmo, a fundación deberá achegar as contas aprobadas da Fundación Granell correspondentes ao actual exercicio.

A entidade beneficiaria da subvención terá que certificar os ingresos producidos por achegas de entidades públicas e/ou privadas para a mesma finalidade, indicando expresamente que os importes das achegas recibidas, incluídas as do Concello, non superan o importe do custo dos gastos financiados.

A xustificación do orzamento anual deberá realizarse de maneira provisional durante o mes de xaneiro e de maneira definitiva no primeiro semestre do ano seguinte á anualidade correspondente na que se fixo efectiva a subvención municipal.

A cuantía da subvención farase efectiva mediante a realización de pagos trimestrais unha vez que o convenio sexa aprobado, asinado e se dea conta da súa sinatura á Xunta de Goberno Local.

De maneira previa á realización dos pagos, a Fundación deberá acreditar que non ten débedas co Estado, a Seguridade Social, Comunidade Autónoma e Concello de Santiago. Esta documentación deberá presentarse nos meses de xaneiro e xullo de cada ano.

O Concello poderá, cando o estime pertinente, comprobar a aplicación concreta dos fondos percibidos a través dos mecanismos de control que considere oportunos, podendo requirir a presentación dunha auditoría externa, que poña de manifesto a aplicación dos fondos percibidos e/ou a situación económica e financeira da Fundación.

#### **Cuarta.- Obrigas do beneficiario**

A Fundación terá entre as súas obrigas as seguintes:

- a) Cumprir o obxecto do convenio.
- b) A xustificación establecida na cláusula terceira deste convenio.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Santiago de Compostela, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións.
- d) Acreditar, segundo o establecido na cláusula terceira, estar ao corrente dos pagos co Estado, coa Comunidade Autónoma, a Administración Local e a Seguridade Social.
- e) Dar a adecuada publicidade do financiamento dos programas e actividades anuais. A tal efecto na publicidade das actividades farase constar de maneira expresa a colaboración do Concello de Santiago en tódolos soportes (tanto impreso, como informático ou audiovisual), facendo mención, no caso de presentación orais, ou introducindo o logotipo corporativo do Concello de Santiago, en canto material de publicidade e difusión en todo material que se realice para a publicidade e difusión, no soporte que for, para comprobar e dar o visto e prace ao tratamento da súa imaxe corporativa.
- f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da lei 38/2003 xeral de subvención.

- g) No caso de realizar gastos que superen os importes do contrato menor, en coherencia co establecido na lei de subvencións, deberá achegarse para a súa xustificación a constancia de ter ofertas como mínimo de tres empresas.
- h) A presentación anual do orzamento de cada exercicio durante o período de vixencia deste convenio ao que deberá acompañar unha memoria descritiva das actividades a realizar co sinalamento do custe destas. Será presentado por rexistro ante o órgano concedente no prazo dun mes desde a aprobación definitiva do mesmo.
- i) Ofertar programas de visitas guiadas ás exposicións para escolas e asociacións culturais do Concello de Santiago de Compostela.
- j) En coordinación e tendo en conta a programación anual da Fundación, o Concello poderá desenvolver puntualmente nas instalacións da mesma, aquelas actividades para as que de acordo, cos estatutos fundacionais e características do edificio, as súas inhalacións constitúan o marco máis apropiado.

#### **Quinta. Protección de datos**

As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos e a normativa que a desenvolve. A tal efecto e de conformidade coa normativa de referencia a Fundación tratará os datos de carácter persoal en relación coa actividade obxecto do convenio, que non se aplicará ou empregará con fin distinto ao estipulado. Cumprindo o obxecto do convenio, os datos de carácter persoal obtidos como consecuencia da realización de actividades deberán ser destruídos ou devoltos a esta entidade así como o soporte material ou documentos resultantes en que conste algún dato de carácter persoal.

#### **Sexta.- Causa de resolución**

Serán causa de reintegro dos fondos percibidos as establecidas no artigo 37 da Lei 38/2003 de 17 de novembro e demais disposicións vixentes na materia, e en especial, o incumprimento da obriga de xustificación establecida na cláusula terceira deste convenio.

A sinatura do convenio a celebrar non implicará relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian a desenvolver accións previstas nel mais o Concello de Santiago de Compostela, de tal xeito que a este non se poderá esixir ningunha responsabilidade nin directa, nin indirecta nin subsidiariamente polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

As contías a reintegrar terán a consideración de ingreso de dereito público sendo de aplicación para o seu cobro o establecido no artigo 40 da Lei 38/2003, do 17 de novembro. Ás contías a reintegrar, se for o caso, aplicaráselle o interese de demora establecido para os ingresos de dereito público.

#### **Sétima.- Comisión de seguimento**

Para a coordinación, o seguimento e a interpretación das posibles discrepancias na aplicación das cláusulas do convenio, constituirase unha Comisión paritaria integrada por catro membros, cun réxime de funcionamento axustado ao previsto no Capítulo II do Título Segundo da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico da Administración Pública e do Procedemento Administrativo Común.

De non chegarse a acordos será a xurisdicción contencioso-administrativa a que resolva as cuestións litixiosas que xurdan na aplicación do convenio.

#### **Oitava.- Carácter do convenio**

Este convenio ten carácter administrativo. Para o non previsto no mesmo estarase ao establecido na normativa reguladora das subvencións nominativas do concello de Santiago, na Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións e demais normativa autonómica e de dereito administrativo así como normas de dereito privado de carácter supletorio que lle sexa de aplicación.

As dúbidas que se presenten na interpretación, execución de controversias e caso de discrepancias serán resolvidas polo Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Santiago poñendo a resolución das mesmas fin a vía administrativa.

#### **Novena.- Duración do Convenio**

O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o día 31 de decembro de 2016.

E en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan este convenio por duplicado e na data sinalada no encabezamento.

**Polo Concello de Santiago de Compostela**

**Pola Fundación E. Granell**

**Asdo: Martiño Noriega Sánchez**

**Asdo: José Blanco Fondevila**